

Circular da Dirección Deportiva de 22 de xaneiro de 2026

Bases da convocatoria de axudas a Clubs de Triatlón para promoción de categorías menores e tecnificación 2026

1 – Exposición de motivos

Dende a última tempada vense observando unha diminución importante no número de licenzas e probas deportivas en Galicia. Para remontar esta baixada de licenzas considérase importante promover a base e as categorías previas á absoluta para que nos próximos anos o triatlón volva a ser un deporte de referencia, recupere e gañe máis deportistas e competicións.

2 – Finalidade e obxectivo

A Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno (FEGATRI de agora en diante) establece as bases para a convocatoria de axudas para clubs con categorías menores, axudándolles a sufragar gastos de servizos deportivos e organizativos da actividade ordinaria do club.

Estas bases teñen por obxecto regular as axudas a clubs con licenza FEGATRI para o fomento e promoción do triatlón nas categorías base na tempada deportiva 2026

Enténdense por categorías base aquelas categorías de idade comprendidas entre prebenxamín e junior, ambas incluídas.

3 - Entidades solicitantes e requisitos mínimos

Poderán acollerse á solicitude da presente axuda as entidades deportivas solicitantes que cumpran cos seguintes requisitos:

- Ter licenza de club en vigor na FEGATRI.
- Non ter débedas coa FEGATRI a data da solicitude da axuda.
- Ter, cando menos, un adestrador ou adestradora con licencia de técnico en vigor coa FEGATRI a data de presentación de solicitudes.
- Ter un mínimo de 15 licencias de categorías de base a data de presentación de solicitudes.
- Ter participado con algún ou algunha deportista en probas de menores da FEGATRI no ano 2026.

Os requisitos relacionados coa FEGATRI (número de licencias, técnicos, probas, etc.) serán verificados por esta na súa base de datos sen necesidade de que as entidades solicitantes aporten documentación extra.

4 – Condicións e contía das axudas

A dotación económica total aprobada orzamentariamente pola FEGATRI, para as axudas a clubs para a promoción de menores e tecnificación, é dun total de **6.000,00** euros.

O procedemento de concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, establecendo unha relación entre as solicitudes presentadas, en tempo e forma, de acordo cos criterios de valoración do punto 5 destas bases, e co límite orzamentario establecido.

5 – Criterios de valoración

Para establecer a prelación nas axudas concedidas valoraranse os seguintes conceptos por unidade:

- | | |
|--|-----------|
| • Nº de novas licenzas de deportista (PBX a JN)* ¹ | 2 Puntos |
| o Por licenza feminina das anteriores | 1 Punto |
| o Por licenza inclusiva das anteriores | 1 Punto |
| • Nº de novas licenzas de adestrador | 2 Puntos |
| o Por licenza feminina das anteriores | 1 Punto |
| • Charlas de promoción en Colexios e Institutos * ² | 5 Puntos |
| • Organización de Probas do Calendario Oficial | |
| o Acuatlón ou Nada e Corre * ³ | 10 Puntos |
| o Dúatlon (Estrada ou Cros) | 15 Puntos |
| o Triatlón (Estrada ou Cros) | 30 Puntos |

*1.- Consideraranse novas licenzas as de deportistas/técnicos que non tivesen licenza en 2025

*2.- Charlas en colexios-institutos: requirirase certificación do centro escolar onde se indique (nome do centro, data da charla, persoa que impartiu e numero aprox de asistentes así como memoria de contidos e fotografías do evento no que figurará a promoción da imaxe da FEGATRI. Será requisito imprescindible a publicación en RRSS etiquetando a @FEGATRIPM na semana seguinte a celebración da charla e poñendo o hashtag #CharlasFEGATRI.

*3.- Terase en conta as probas de Nada-Corre a celebrar no mes de Decembro que esten confirmadas no calendario a 30 de Novembro

A puntuación final será a suma das puntuacións obtidas por cada club en cada un dos criterios.

6.- Gastos xustificables

Serán gastos xustificables os seguintes relacionados coa actividade deportiva da entidade no ano 2026 e que non tivesen sido imputados a outras axudas ou subvencións:

- Gastos de persoal técnico federado.
- Servizos profesionais e gastos relacionados coa actividade deportiva e organización de competicións.
- Gasto en Material deportivo adestramento ou competición (Funxible/Non inventariable)
- Outros servizos profesionais relacionados coa captación e promoción de deportistas de categorías menores.

7 – Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes serán dirixidas á FEGATRI a través do seu correo electrónico info@fegatri.org ata o 1 de decembro de 2026.

8 – Comisión de valoración e Resolución das solicitudes

Finalizado o prazo de recepción de solicitudes, a FEGATRI establecerá unha comisión técnica avaliadora que publicará primeiramente unha lista provisoria de solicitudes admitidas e non admitidas a trámite, especificando as posibles causas de excluídas, se as houbera, establecendo un prazo de 5 días hábiles para que as entidades solicitantes excluídas aporten documentación ou fagan as alegacións que consideren oportunas. Nese mesmo prazo, a FEGATRI poderá ademais requirir a documentación que estime oportuna para verificar calquera dos méritos alegados.

A resolución final das solicitudes de axudas concedidas, xunto coa súa contía, será publicada á maior brevidade posible, e será comunicada a todos os clubs por correo electrónico e publicada na páxina web da FEGATRI.

9 – Xustificación e pagamento das axudas

Emitida a Resolución Definitiva, as entidades deberán xustificar os gastos executados polo importe da axuda concedida, xuntando:

- Anexo IV coa relación de gastos. [Descarga](#)
- Facturas a nome do club e xustificante bancario do seu abono pola entidade.
- Memoria económica e de desenvolvemento das actividades acreditando o cumprimento da promoción da imaxe da FEGATRI coas correspondentes publicacións.
- Recibo asinado emitido pola FEGATRI para o pagamento da axuda concedida con cargo ao orzamento 2026

ANEXO IV: RELACIÓN CLASIFICADA DOS GASTOS

Total Axuda concedida:	
-------------------------------	--

[illegible]

OBSERVACIONES:

U. B. Presidente do Club

D/D^a

Con NIF número , en representación do Club:

.....con CIF:

e domicilio en

Localidade provincia e CP.....

RECIBE

da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno, en virtude da
Resolución Definitiva da Convocatoria de “Axudas a Clubs de
Triatlón para a promoción das categorías Menores e
Tecnificación 2026”, publicada ode de 2026, a
cantidade de

Nº conta (IBAN):

E para que conste aos efectos oportunos, en proba de conformidade,
asínase a presente en Lugo a 15 de decembro de 2025.

A presidencia

SELO

Asdo. _____